

A POESÍA GALEGA E AS VANGARDAS DO SÉCULO XX

Miro Villar

Unha iniciativa de



co apoio de



As vangardas artísticas europeas, tamén coñecidas como “ismos”, foron moi numerosas e tiveron diferente grao nos seus obxectivos de ruptura absoluta coa tradición anterior. O crítico Xesús González Gómez, que valora a súa influencien na literatura galega mais cuestiona a existencia de vangardas en Galiza¹, contabiliza case cincuenta ismos en Europa, desde 1886 deica 1924, isto é, desde o nacemento do decadentismo até a aparición do surrealismo, salientando as achegas do futurismo², do dadaísmo³, do poetismo⁴ e do citado surrealismo ou superrealismo⁵.

A primeira tentativa de renovación na literatura galega após o Rexurdimento non se vai producir no ámbito da lírica senón no da narrativa, a través do *Grupo Nós* que domina o período 1920-1936, tendo entre os seus mellores valedores a Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao ou Florentino Cuevillas, os cales coincidirán con novos valores como Rafael Dieste, Xaime Quintanilla ou Xosé Lesta Meis. Trátase dunha prosa que vai asimilando as tendencias europeas, aínda que as obras non perden o seu carácter didáctico coa finalidade de contribuíren a artellar unha conciencia galeguista.

Porén a renovación literaria máis profunda na nosa literatura do século XX vén da man dos poetas da denominada *Xeración do 22* (tamén

¹ «Os pintores que forman este ‘movemento’, como os poetas chamados impropriamente vangardistas, coñecían a pintura e máis a poesía que se facía en Europa naqueles anos, e delas tomaron o que consideraron útil para a súa obra. Sabían, uns e outros, da súa condición de periferia, pero non vivían illados do mundo exterior, nin nunca quixeron ser periferia. De aí que uns e outros tomen o que lles parece máis importante da produción europea do seu tempo. Pero, cómpre repetilo, nin uns nin outros eran vangardistas. Non querían tomar o poder, nin desprazar as vellas elites, xa que uns como outros, pintores e poetas, colaboran conxuntamente coas vellas elites para encher o discurso cultural de “signos identificativos” [...] Non existiu vangarda na Galicia, nin poética nin pictórica. Existiu renovación, renovación que esixía a incorporación de elementos, de signos vangardistas, pero que nunca podía dar froitos vangardistas», Cfr. GONZÁLEZ GÓMEZ, XESÚS (1995). *Manifestos das vangardas europeas (1909-1945)*. Santiago de Compostela: Laiovento. 204.

² Futurismo. Movemento artístico e literario que aparece en Italia con Filippo Tommaso Marinetti, Proclama o rexeitamento da tradición e defende o espírito dinámico das máquinas, da técnica moderna ou da sociedade de masas das urbes. Tivo un posterior desenvolvemento en Rusia, con Klhebnikov e Maiakowski. Tamén foi importante para nós o futurismo portugués, completamente distinto do italiano ou do ruso, con Álvaro de Campos (heterónimo de Pessoa), Mário de Sá-Carneiro e José Almada Negreiros. E tivo moito pouso na literatura catalá con Joan Salvat-Papasseit e Josep V. Foix.

³ Dadaísmo. Nace o movemento anti-artístico e anti-poético Dada en Suíza da man de Tristan Tzara, despois asumido por Francis Picabia e outros autores. Proclaman o caos fronte á orde e a imperfección fronte á perfección.

⁴ Poetismo. Movemento checo e eslovaco de concepción proletaria, no que destacan Jaroslav Seifert, Vítezslav Nezval ou Karel Teige.

⁵ Surrealismo. Movemento artístico e literario xurdido en Francia que pretendeu poñerse ao servizo da revolución social. A súa posición política, sempre a contracorrente, enfrontou os surrealistas primeiro co colonialismo francés, máis tarde co stalinismo ou co PCF. Tivo moitísimos seguidores e entre os seus teóricos salientan André Breton, Louis Aragon, Pierre Yoyotte ou Benjamin Péret. No ámbito artístico prevaleceu a súa defensa do inconsciente, da irracionalidade e dos mundos de natureza onírica.

chamados *novecentistas* ou *Xeración do 25* ou *das Vanguardas*⁶) que pretenden un afastamento do pasado literario máis recente para emprenderen unha nova estética, malia compartiren a ideoloxía nacionalista e os referentes culturais da xeración anterior, nomeadamente o maxisterio de Vicente Risco. O ideario rupturista dos novos resúmese no manifesto *¡Máis Alá!*, asinado por Manuel Antonio e o debuxante Álvaro Cebreiro que ve lume en 1922 e no que se ataca a estética dos precursores do Rexurdimento (Rosalía, Curros e Pondal).

Con todo, malia a belixerancia do manifesto *¡Máis Alá!*, non se produce unha ruptura radical e as páxinas de *A Nosa Terra*, de *Nós* e doutras publicacións do momento testemuñan a convivencia harmónica entre membros de tres unidades xeracionais distintas. De feito, na altura Roberto Blanco Torres⁷ no seu artigo “La nueva generación literaria gallega” sitúase como un observador afastado das novas correntes e sinala como os seus máximos representantes a Rafael Dieste, Evaristo Correa Calderón, Xesús Bal y Gay, Amado Carballo, Manuel Antonio e Xosé Otero Espasandín, mentres que deixa fóra a Eugenio Montes, sinalando que pertencería á xeración anterior. En calquera caso, todo isto demostra a conflitividade de establecer “xeracións” entre os diversos autores e poéticas que veñen a coincidir nun tempo determinado e a necesidade, cada vez maior, de relativizar o factor da idade en favor dunha lectura sociolóxico-formal⁸.

Ora ben, á hora de valorar esta unidade xeracional, a crítica adoita falar de dúas correntes renovadoras ou rupturistas (con características ou trazos claramente vangardistas), representadas polo *creacionismo* e *ultraísmo* de Manuel Antonio e o *sincretismo* de Álvaro Cunqueiro, fronte

⁶ Carballo Calero [1981] denomínoas “novecentistas” por naceren por volta do 1900; Méndez Ferrín [1984] prefire o nome dado na época polo musicólogo Xesús Bal y Gay de “Xeración do 25” e segue un criterio semellante ao falar de autores nados entre 1895 e 1909, mentres que López-Casanova [1990] escolle *Xeración do 22* ou *das Vanguardas*, co referente do ano de publicación do manifesto *¡Máis Alá!*

⁷ Roberto Blanco Torres (Cuntis, 1891- Entrimo, 1936). Xornalista e poeta. Emigrado en Cuba, aos vinte anos dirixía *La Alborada*, funda *La Tierra Gallega* e colabora noutras cabeceiras, asinando ás veces co pseudónimo Fray Roblanto. Formou parte da Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega. Retorna en 1916, uníndose ao grupo que funda as Irmandades da Fala e aumentando a actividade xornalística, quer como redactor quer como director, en *El Noroeste*, *A Nosa Terra*, *Nós*, *El Correo Gallego* ou *La Zarpa*. Na década dos vinte preside a Asociación da Prensa de Vigo, convértese en redactor xefe do *Galicia* primeiro e despois de *El Pueblo Gallego*. En 1930, *Nós* publica unha escolma das súas crónicas titulada *De esto y de lo otro*. Dúas obras en preparación, a novela *La estrella lejana* e o ensaio *Tres discursos á mocidade galega*, non verían a luz. Tamén participa no xermolo da Asociación de Escritores Gallegos e coa vitoria electoral da Fronte Popular ocupa cargos de responsabilidade pública. Na represión desencadeada polo golpe franquista foi preso e na mañá do 2 de outubro apareceu baleado en San Fiz de Gález (Entrimo). Autor dun único poemario *Orballo da media noite* que *Nós* edita en 1929 e que se debe incluír na Xeración de 1922, malia estar próximo en idade ao grupo *Nós*. Toda a súa obra xerou novos estudos ao dedicarlle a RAG o Día das Letras en 1998.

⁸ Cfr. CASAS, ARTURO (1994). *Rafael Dieste e a súa obra literaria en galego*. Vigo: Galaxia. 67-72.

a outras dúas estéticas moito máis afastadas das vangardas e máis vinculadas á tradición, o *neotrobadorismo* de Fermín Bouza Brey e do propio Cunqueiro e o *hilozoísmo* ou *imaxinismo* de Amado Carballo.

Temos, pois, catro propostas poéticas diferentes:

a) *creacionismo ou ultraísmo*: seguidor da poesía do chileno Vicente Huidobro, que compara o poeta co creador; Manuel Antonio en *De catro a catro* (1928) desbota a lóxica gramatical e a rima das composicións tradicionais e defende o individualismo.

b) *sincretismo*: o extraordinario lector que era Álvaro Cunqueiro sincretiza ou funde na súa poesía moitas características dos *ismos* europeos coa nosa tradición literaria, o que converte a súa proposta en singular. Velaí os seus libros *Mar ao norde* (1932) ou *Poemas do si e non* (1933).

c) *neotrobadorismo*: estética medievalizante que imitaba a forma e o contido das cantigas dos trovadores galego-portugueses, tivo como mellor representante a Fermín Bouza-Brey en *Nao senlleira* (1933) e *Seitura* (1955), (re)actualizada tamén coas propostas orixinais de Álvaro Cunqueiro en *Cantiga nova que se chama ribeira* (1933) ou, xa despois da guerra, *Dona do corpo delgado* (1950) . Tamén cultivaron con mestría a “forma inmóbil” autores como Xosé María Álvarez Blázquez, Augusto María Casas, Manuel Fabeiro, Emilio Pita ou Xosé Díaz Jácome.

d) *hilozoísmo ou imaxinismo*: liña poética iniciada por Amado Carballo nos seus libros *Proel* (1927) e *O galo* (1928), con grande número de seguidores, baseada nos recursos neopopularistas (imitación de estrofas da literatura popular) e a personificación da paisaxe, que tamén é o seu eixo temático.

E, a miúdo, a estes autores engádeselles unha serie de nomes infravalorados, como ben souberon ver Carlos L. Bernárdez e Ramón Nicolás⁹:

Esta nómina de autores “esquecidos” -poetas “náufragos” pola brevidade e escasa repercusión da súa obra, pero quizais de obra intensa- (...) constitúese (...) coa obra de Roberto Blanco Torres, Euxenio Montes, Xulio Sigüenza, José María Brea, Ánxel Johán, Augusto M^a Casas e, finalmente, Manuel Luís Acuña.

⁹ Cfr. LÓPEZ BERNÁRDEZ, CARLOS e NICOLÁS, RAMÓN (1992). *Manuel Luís Acuña. Fírgoas*. Vigo: Xerais.

A crítica coincide en sinalar a existencia dunha certa homoxeneidade de grupo, malia o persoal acento lírico de cada autor, que se concretaría na brevidade da súa obra, na interrupción do seu labor creativo por mor da guerra civil, na represión sufrida (agás no caso de Montes, que abrazou as ideas falanxistas) e no feito de “*constituírense como epígonos dunha corrente poética en devalar pola morte prematura dos guieiros Manuel Antonio e Amado Carballo*”. Se as tres primeiras afirmacións son indiscutibles, cómpre matizar a última pois, na nosa opinión, a proposta poética de Roberto Blanco Torres non se pode considerar epigonal pois representa unha dirección filosófica que era inédita na nosa literatura, feito que testemuña a súa singularidade, bastante afastada das preocupacións poéticas dos seus contemporáneos.

Daquela, para a transformación do noso discurso, toda esta empresa literaria precisaba dunha infraestrutura editorial que comeza a xerarse no tempo das Irmandades da Fala coa “Biblioteca Galeguista”, as coleccións Céltiga, Libredón e, sobre todo, Lar, promovida por Ánxel Casal e por Leandro Carré, que se mantén entre 1924 e 1927, chegando a publicar case corenta títulos.

Ademais, unha serie de xornais e revistas enriquecían paralelamente o panorama cultural, entre as que hai que destacar *A Nosa Terra* e *La Centuria* inicialmente, *Nós*, *Ronsel* e *Alfar* nos anos vinte e *Cristal*, *Resol*, *Papel de color* ou *Yunque* na década dos trinta. A primeira publicación está intimamente vinculada ao galeguismo político e nela aparecen textos emblemáticos da nosa literatura, pero tamén doutros discursos literarios europeos, sobre todo do portugués.

En *La Centuria*¹⁰, revista neosófica dirixida por Risco entre 1917 e 1918, xa temos a cerna do grupo Nós, de Vicente Risco a Otero, e autores próximos como Xavier Bóveda, Sebastián Risco ou Primitivo R. Sanjurjo. De xinea europeísta, con predominio de temas estéticos e literarios, publica textos de autores contemporáneos, como Rafael Cansinos Asséns, poeta da vangarda española. E Risco dá a coñecer o seu “Preludio a toda estética futura”, unha clara defensa do papel subxectivo e íntimo da creación, unha crítica da arte social e unha postulación dunha arte elitista. Este texto risquiano coincide con algunhas das ideas renovadoras.

Nesa tensión entre tradición e vangarda vaise situar a revista *Nós* (1920-1936) que, nas súas diferentes etapas, marcou o momento definitivo da renovación literaria galega e da modernización do discurso

¹⁰ Cfr. VALCÁRCEL, MARCOS (1998). “A prensa cultural en Ourense na primeira metade do noso século (1900-1950)”, en *Pé das burgas. Estudos de historia, literatura e xornalismo*. Ourense: Caixa Galicia.

ideolóxico galeguista, acollendo nas súas páxinas artigos literarios, científicos ou artísticos, ademais de supoñer a consolidación de mitos como o atlantismo, o celtismo e as analoxías con Portugal e con Irlanda. De feito, nas súas páxinas Otero Pedrayo versionou dous capítulos do *Ulises* de Joyce antes de que fose traducido a calquera outra lingua da península.

Ao tempo en *A Nosa Terra* Vicente Risco informaba sobre as novas correntes, como o manifesto futurista catalán de Salvat-Papasseit *Contra els poetes amb minúscula* [1920], era reproducida a súa conferencia sobre arte nova e mesmo publicaba o seu “U... ju juu... (Poema futurista)” [nº 113, febreiro de 1920], que viu a luz xunto a outros poemas de trazos renovadores de Evaristo Correa Calderón ou de Eugenio Montes, mentres Álvaro Cebreiro traduce o dadaísta Francis Picabia en 1921.

Alfar, que xorde en 1923, era unha revista bilingüe na que apareceron moitas colaboracións de escritores foráneos, con presenza notoria de autores americanos.

Ronsel, que nace en 1924, tiña una orientación máis galeguista e, ao mesmo tempo, foi a máis cosmopolita de todas, ademais de acoller nas súas páxinas os novos autores. E as demais xogaron tamén un importante papel na consolidación dun novo discurso literario que se ía interromper, coma tantas outras cousas, coa sublevación fascista de 1936.

A produción poética de posguerra percorre, polo xeral, camiños trillados, practicamente até 1955, o ano de publicación de *O soño sulagado* de Celso Emilio Ferreiro, inclusive en boa parte dos libros aparecidos na emigración e no exilio, malia teren estes liberdade plena para a escolla dos temas. Neste contexto, xunto a libros de poemas de escasa calidade estética, saen do prelo algúns textos notables nos que sobreviven direccións que engarzan co discurso lírico de preguerra e que son toleradas polo poder político por non presentaren conflito ideolóxico.

En definitiva, a enerxía transformadora das vangardas europeas apenas deixaría pegadas na nosa poesía, mais cando o fixo conformáronse propostas absolutamente renovadoras que abriron as fiestras e permitiron a entrada de aire fresco na literatura galega do século XX.